

Artigo 4. *Obrigas dos beneficiarios da devolución.*

Os titulares da devolución do imposto sobre hidrocarburos a que se refire esta orde deberán estar en posesión das facturas acreditativas de cada unha das subministracións que se inclúan na correspondente solicitude de devolución. A referida documentación deberana conservar os beneficiarios durante un período de catro anos a partir da data en que finaliza o prazo de presentación da dita solicitude.

Disposición adicional única. *Colaboración social.*

As persoas ou entidades autorizadas a presentar por vía telemática declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, polo que se desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios e, doutra parte, na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios, poderán facer uso desta facultade respecto da presentación das solicitudes previstas nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación do director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Habilitase o director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria a ditar as disposicións ou instrucións necesarias para a execución e cumprimento do previsto nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 12 de febreiro de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

3160 *REAL DECRETO 124/2007, do 2 de febreiro, polo que se regula o Rexistro nacional de instrucións previas e o correspondente ficheiro automatizado de datos de carácter persoal. («BOE» 40, do 15-2-2007.)*

A Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, regula no seu artigo 11 o documento de instrucións previas que define como aquel mediante o cal unha persoa maior de idade, capaz e libre, manifesta anticipadamente a súa vontade, para que esta se cumpra no momento en que chegue a situacións en cuxas circunstancias non sexa capaz de expresalo persoalmente, sobre os cuidados e o tratamento da súa saúde ou, unha vez chegado o falecemento, sobre o destino do seu corpo ou dos seus órganos.

O documento de instrucións previas constitúe, pois, a expresión do respecto á autonomía das persoas que, deste modo, poden decidir sobre aqueles cuidados e tratamentos que desexan recibir ou non no futuro se se encontran ante unha determinada circunstancia ou, unha vez chegado o falecemento, sobre o destino do seu corpo ou dos seus órganos. Non só lle permite ao paciente influír nas futuras decisións asistenciais, senón que lles facilita aos profesionais da saúde a toma de decisións respectuosas coa vontade do enfermo cando este non ten xa capacidade para decidir por si mesmo.

O artigo 11 da Lei 41/2002, do 14 de novembro, establece no seu punto 2 que cada servizo de saúde regulará o procedemento adecuado para que, chegado o caso, se garanta o cumprimento das instrucións previas de cada persoa que deberán constar sempre por escrito. Son xa varias as comunidades autónomas que estableceron normas que regulan os seus rexistros de instrucións previas.

A efectividade deste dereito do paciente exige que o documento de instrucións previas, independentemente do lugar en que fose formalizado, poida ser coñecido precisa e oportunamente polos profesionais da saúde aos cales, no seu momento, lles corresponda a responsabilidade da asistencia sanitaria que se lle deba prestar. Por esta razón, o mencionado artigo 11 da Lei 41/2002, do 14 de novembro, no seu punto 5, dispón que, para asegurar a eficacia en todo o territorio nacional das instrucións previas manifestadas polos pacientes e formalizadas de acordo co disposto na lexislación das respectivas comunidades autónomas, se creará no Ministerio de Sanidade e Consumo o Rexistro nacional de instrucións previas, que se rexerá polas normas que regulamentariamente se determinen, logo de acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

O carácter persoal dos datos que debe conter este rexistro e o seu ficheiro automatizado determina que quedarán plenamente suxeitos ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ás medidas de seguranza que impón a citada lei orgánica e os seus regulamentos de desenvolvemento.

Respecto deste real decreto adoptou o correspondente acordo favorable o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de febreiro de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Creación e adscrición do Rexistro nacional de instrucións previas.*

Créase, adscrito ao Ministerio de Sanidade e Consumo a través da Dirección Xeral de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección, o Rexistro nacional de instrucións previas, no cal se recollerán as inscricións practicadas nos rexistros autonómicos, conforme o previsto no artigo 11.5 da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.

Artigo 2. *Obxecto e finalidade.*

1. A inscrición no Rexistro nacional de instrucións previas asegura a eficacia e posibilita o coñecemento en todo o territorio nacional das instrucións previas outorgadas polos cidadáns que fosen formalizadas de acordo co disposto na lexislación das comunidades autónomas.

2. O Rexistro nacional de instrucións previas ten por obxecto a constatación, agás proba en contrario:

a) Da existencia de instrucións previas inscritas nos distintos rexistros autonómicos únicos en que estarán rexistradas cos seus contidos.

b) Da localización e data de inscrición da declaración que realizase a persoa outorgante, así como da eventual modificación, substitución ou revogación do seu contido, calquera que sexa o rexistro autonómico en que fosen inscritas.

c) Do contido das instrucións previas.

Artigo 3. *Procedemento rexistral.*

1. Inscritas as instrucións previas no correspondente rexistro autonómico, o encargado deste comunicarllo ao Rexistro nacional de instrucións previas, por vía telemática e dentro dos sete días seguintes ao da inscrición efectuada; para tal efecto, dará traslado dos datos e información mínima que se recollen no anexo, así como da copia do documento de instrucións previas rexistrado que se remitirá pola citada vía telemática.

2. Recibida a comunicación telemática dos datos e información mínima a que se refire o punto anterior, procederase á súa inscrición, así como á da copia do documento de instrucións previas no Rexistro nacional de instrucións previas, e notificarase o acto de inscrición e rexistro ao rexistro autonómico, no termo de sete días, polo mesmo procedemento telemático. Cando a información mínima resulte incompleta ou se apreciase algún defecto emendable, procederase á inscrición provisional e requirirase do rexistro autonómico que emende a ausencia daqueles datos no prazo que se lle sinale, que non será superior a 15 días. Transcorrido o referido prazo sen suplir a omisión ou corrixir o defecto advertido, denegarase a inscrición sen máis trámites, sen prexuízo da súa eficacia transitoria e provisional ata ese momento.

Artigo 4. *Acceso ao Rexistro nacional de instrucións previas.*

1. Encóntranse lexitimados para acceder aos asentos do Rexistro nacional:

a) As persoas outorgantes das instrucións previas inscritas nel.

b) Os representantes legais das persoas outorgantes ou os que para tal efecto fosen designados de maneira fidedigna por estas.

c) Os responsables acreditados dos rexistros autonómicos.

d) As persoas designadas pola autoridade sanitaria da comunidade autónoma correspondente ou polo Ministerio de Sanidade e Consumo.

2. A persoa outorgante de instrucións previas ou, se é o caso, os seus representantes legais ou os designados no documento rexistrado exercerán o seu dereito de acceso mediante a presentación da oportuna solicitude escrita ao encargado do rexistro quen, logo da comprobación da identidade do petionario, procederá a expedir a oportuna certificación acreditativa.

3. Os responsables dos rexistros autonómicos e as persoas designadas pola autoridade sanitaria da comunidade autónoma e polo Ministerio de Sanidade e Consumo poderán acceder ao Rexistro nacional de instrucións previas a través de comunicación telemática, logo de solicitude do facultativo que estivese tratando ao outorgante. Para tal efecto, deberán dispoñer dun certificado de clase 2 CA emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda ou dun certificado de sinatura electrónica recoñecida, emitido por un prestador de servizos de certificación homologado, conforme as prescricións

sectoriais e a lexislación de sinatura electrónica. Para tal fin, establécese un sistema que garanta tecnicamente a identificación da persoa destinataria da información, a integridade da comunicación, a dispoñibilidade as 24 horas do día, a conservación da información comunicada e a confidencialidade dos datos.

4. As persoas designadas polas autoridades sanitarias das comunidades autónomas poderán acceder ao Rexistro nacional de instrucións previas a través dos seus respectivos rexistros autonómicos, na forma que en cada caso se determine.

5. As persoas que, en razón do seu cargo ou oficio, accedan a calquera dos datos do Rexistro nacional de instrucións previas, están suxeitas ao deber de gardar segredo.

Artigo 5. *Ficheiro automatizado.*

1. Para facilitar o coñecemento da existencia e localización das inscricións dos documentos de instrucións previas realizadas en todo o territorio nacional, o Ministerio de Sanidade e Consumo, mediante orde ministerial, creará o ficheiro automatizado de datos de carácter persoal denominado Rexistro nacional de instrucións previas, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. A unidade encargada do Rexistro nacional de instrucións previas adoptará as medidas necesarias para garantir a confidencialidade, a seguranza e a integridade dos datos comprendidas no Regulamento de medidas de seguranza dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, así como as necesarias para facer efectivos os dereitos das persoas afectadas regulados na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e disposicións que a desenvolven.

Disposición adicional primeira. *Remisión de información polas comunidades autónomas.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto, as comunidades autónomas deberán remitir ao Rexistro nacional de instrucións previas todas as inscricións efectuadas nos rexistros autonómicos, así como as copias dos documentos de instrucións previas, e cubrirán a información mínima que se recolle no anexo.

Disposición adicional segunda. *Extensión do ámbito da norma ás cidades autónomas.*

As referencias ás comunidades autónomas entenderanse tamén realizadas ás cidades de Ceuta e Melilla no marco das súas competencias.

Disposición transitoria única. *Outorgamento de instrucións previas en comunidades autónomas que non regularon o procedemento.*

1. Cando unha comunidade autónoma non regulase o procedemento a que se refire o artigo 11.2 da Lei 41/2002, do 14 de novembro, a persoa que desexe outorgar instrucións previas ou, se é o caso, o seu representante legal ou a persoa designada para tal efecto, no propio documento, polo outorgante, presentará ante a autoridade sanitaria da dita comunidade autónoma, a cal, no prazo e condicións fixados no artigo 3 deste real decreto, deberá remitilas ao Rexistro nacional para a súa inscrición provisional, o cal notificará esta inscrición provisional á comunidade autónoma correspondente.

2. Nestes casos, tales instrucións previas e os documentos que as acompañen quedarán en depósito e baixo

a custodia do Rexistro nacional ata que se cree o correspondente rexistro autonómico.

3. Creado ese rexistro, o Rexistro nacional de instrucións previas faralle entrega das instrucións e documentos nel depositados conforme o disposto no punto anterior e, ao propio tempo, notificaralles aos interesados esta entrega. O rexistro autonómico, pola súa parte, comunicarlle ao Rexistro nacional, no prazo de sete días, a inscrición efectuada, e tomará carácter definitivo neste a inscrición que, no seu momento, se realizou provisionalmente.

4. No que se refire a estas inscricións, o acceso ao Rexistro nacional de instrucións previas suxeitarase ao disposto no artigo 4.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 16.^a da Constitución española e en desenvolvemento do disposto no artigo 11.5 da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Sanidade e Consumo para ditar, no ámbito da súa competencia, as disposicións necesarias para a aplicación e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos nove meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de febreiro de 2007

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ELENA SALGADO MÉNDEZ

ANEXO

Información mínima que deben trasladar as comunidades autónomas ao Rexistro nacional unha vez realizada a inscrición dun documento de instrucións previas

Comunidade autónoma.
Unidade responsable do rexistro autonómico.
Persoa autorizada que comunica a inscrición.
Data e hora.

Datos do documento inscrito:

Denominación:

Declaración vital anticipada.
Documento de vontades anticipadas.
Expresión da vontade con carácter previo.
Expresión anticipada de vontades.
Documento de vontades vitais anticipadas.
Documento de instrucións previas.
Outras.

Identificación do declarante:

Nome e apelidos.
Sexo.
DNI ou pasaporte.
N.º tarxeta sanitaria ou código de identificación persoal.
Data de nacemento.
Nacionalidade.
Domicilio (cidade, rúa, número).
N.º de teléfono.

Identificación do representante:

Nome e apelidos.
DNI ou pasaporte.
Domicilio (cidade, rúa, número).
N.º de teléfono.

Datos da inscrición:

Rexistro onde se realizou.
Data de inscrición.
Localización do documento.

Modalidade da declaración:

Primeiro documento.
Modificación (alteración parcial do contido do documento xa inscrito sen privación total dos seus efectos).
Substitución (privación de efectos ao documento xa inscrito e outorgamento dun novo no seu lugar).
Revogación (privación total de efectos do documento xa inscrito sen outorgar outro no seu lugar).
No caso de que exista xa outra declaración, consígnaranse tamén os datos da inscrición primitiva.

Formalización da declaración:

Ante notario.
Ante testemuñas.
Ante a Administración.
Materia da declaración:

Coidados e tratamento.
Destino do corpo do outorgante ou dos órganos unha vez falecido.
Sobre ambos os aspectos.

Copia do documento de instrucións previas inscrito no rexistro autonómico.